

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias (para as quedas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral)

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: Disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazas.



Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

I. Núcleo soporte vital.

Tema 1. Soporte vital adulto e pediátrico: identificación de parada cardiorrespiratoria e situacións periparada. Soporte vital básico e avanzado. Coidados pos-resucitación. Criterios éticos en soporte vital avanzado.

Tema 2. Tratamento eléctrico: desfibrilación e cardioversión eléctrica. Marcapasos externo.

Tema 3. Manexo da vía aérea: mantemento de vía aérea permeable, illamento de vía aérea, mecanismos alternativos de manexo da vía aérea. Parámetros básicos de ventilación mecánica invasiva e non invasiva.



Tema 4. Soporte vital avanzado ao traumatismo grave: preparación de escenario, seguridade, mecanismo lesional. Valoración primaria e secundaria.

Tema 5. Shock, fisiopatoloxía e manexo. Parámetros, diagnóstico diferencial, tratamento en urxencias e emerxencias. Criterios de derivación pre e intrahospitalarios.

Tema 6. Trastornos do equilibrio ácido-base, alteracións hidroelectrolíticas. Fluidoterapia en urxencias e emerxencias.

Tema 7. Manexo do paciente en coma: recoñecemento, diagnóstico diferencial, medidas de soporte vital, medidas terapéuticas específicas.

Tema 8. Fármacos de uso frecuente no mantemento de funcións vitais. Doses en adulto e pediatría. Reaccións adversas e interaccións e o seu tratamento.

II. Núcleo códigos.

Tema 9. Síndrome coronaria aguda: SCACEST e SCASEST. PROGALIAM. Programa galego de atención do infarto agudo de miocardio con elevación do ST.

Tema 10. Accidentes cerebrovasculares isquémicos e hemorráxicos. Plan de asistencia ao ictus en Galicia.

Tema 11. Sepsis. Shock séptico. Plan de asistencia á sepsis de Galicia.



III. Núcleo patoloxías.

Urxencias dixestivas abdominais.

Tema 12. Dor abdominal. Abdome agudo.

Tema 13. Hemorraxia dixestiva alta. Hemorraxia dixestiva baixa.

Tema 14. Outras urxencias do aparello dixestivo: diarrea, extrinximento, náuseas e vómitos. Urxencias esofáxicas. Ictericia. Ascite. Urxencias hepatobiliares e pancreáticas. Insuficiencia hepática aguda. Obstrución e pseudoobstrución intestinal. Patoloxía vascular intestinal. Urxencias en proctoloxía.

Urxencias cardiovasculares.

Tema 15. Dor torácica.

Tema 16. Insuficiencia cardíaca. Edema agudo de pulmón. Shock cardioxénico.

Tema 17. Trastornos do ritmo e da condución.

Tema 18. Outras urxencias cardiolóxicas: endocardite, pericardite, taponamento cardíaco, patoloxía valvular. Dispositivos implantables: patoloxía inducida por marcapasos e desfibrilador automático implantable (DAI).

Tema 19. Síncope, diagnóstico diferencial.



Tema 20. Enfermidade tromboembólica venosa. Isquemia arterial aguda.

Tema 21. Outras: urxencia e emerxencia hipertensiva. Síndrome aórtica aguda. Urxencias endocrinolóxicas e metabólicas.

Tema 22. Hiperglicemia. Cetoacidose diabética. Hiperglicemia hiperosmolar. Hiperglicemia no paciente crítico. Hipoglicemia. Insulinización en urxencia.

Tema 23. Outras urxencias endócrinas: Crise tirotóxica. Coma mixedematoso. Crise Addisoniana.

Urxencias nefrourolóxicas.

Tema 24. Insuficiencia renal aguda e crónica.

Tema 25. Urxencias urolóxicas: retención aguda de ouriños, hematuria, síndrome escrotal aguda, cólico nefrítico, infeccións do tracto urinario (alto e baixo). Enfermidades de transmisión sexual. Complicacións en transplante renal.

Urxencias do sistema nervioso.

Tema 26. Cefalea. Alxias faciais.

Tema 27. Infeccións do SNC e medula espinal: encefalite, meninxite.



Tema 28. Outras: síndrome confusional aguda. Delirio. Convulsións e status epiléptico, lesións periféricas agudas (Guillain Barré). Trastornos da marcha e o equilibrio de recente comezo. Distonías agudas.

Urxencias respiratorias.

Tema 29. Insuficiencia respiratoria. Obstrución da vía aérea.

Tema 30. Reagudización da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.

Tema 31. Crise asmática.

Tema 32. Infeccións respiratorias de vías altas e baixas. Pneumonía.

Tema 33. Outras urxencias neumolóxicas: derrame pleural, pneumotórax, tromboembolismo pulmonar, hemoptise.

Urxencias en patoloxía infecciosa.

Tema 34. Diagnóstico xeral do proceso infeccioso. Medidas de protección e profilaxe. Antimicrobianos de uso habitual nos servizos de urxencias hospitalarias.

Tema 35. Síndromes en situacións especiais: botulismo, tétano, rabia, síndrome mononucleósica, síndrome hemolítica urémica/púrpura trombocitopénica trombótica, mediastinite, virus varicela zóster, enfermidades importadas.

Tema 36. Síndrome febril en pacientes inmunodeprimidos: trasplantados, oncolóxicos, VIH. Febre no viaxeiro.

Urxencias hematolóxicas.

Tema 37. Anemia. Transfusión de hemoderivados. Leucopenias, pancitopenias. Leucose. Alteracións da hemostasia. Paciente anticoagulado, indicacións e complicacións.

Urxencias reumatolóxicas.

Tema 38. Manexo do paciente reumatolóxico: monoartrite, poliartrite, cervicalxia, lumbalxia, lumbociatalxia, ombreiro doloroso. Polimialxia reumática e arterite da temporal.

Urxencias otorrinolaringolóxicas e oftalmolóxicas.

Tema 39. Urxencias otorrinolaringolóxicas: procesos infecciosos, amigdalite, larinxite, otite, mastoidite e sinusite. Traumatismos, epistaxe. Corpos estraños. Estridor no adulto. Vertixe. Parálise facial periférica. Procesos bucais.

Tema 40. Urxencias oftalmolóxicas: ollo vermello. Traumatismo ocular. Déficit de agudeza visual de instauración brusca. Corpos estraños. Anexos oculares.

Urxencias xinecolóxicas e obstétricas.

Tema 41. Hemorragias xenitais. Aborto. Patoloxía infecciosa vulvovaxinal. Dor abdominal xinecolóxica. Asistencia ao parto. Atención á agresión sexual. Fármacos no embarazo e lactación de uso habitual nos servizos de urxencias.

Urxencias en patoloxía ambiental e por axentes físicos.

Tema 42. Hipotermia, lesións por conxelación. Queimaduras, electrocución, manexo do gran queimado. Barotraumatismos, accidentes disbáricos. Afogamento. Mal de altura.

Tema 43. Mordeduras e picaduras de animais e insectos.

Tema 44. Síndrome por inhalación de fumes. Intoxicación por monóxido de carbono, derivados do cianuro, gases irritantes.

Urxencias en toxicoloxía.

Tema 45. Asistencia xeral ao paciente con intoxicación aguda. Antagonistas e antídotos.

Tema 46. Intoxicacións habituais en urxencias. Intoxicación etílica aguda. Intoxicación por drogas (anfetaminas, cocaína, drogas de deseño, opiáceos e outras). Intoxicacións medicamentosas (benzodiazepinas, antidepressivos tricíclicos e inhibidores de recaptación de serotonina, litio, salicilatos, paracetamol, dixital e outros). Intoxicacións por insecticidas. Intoxicacións por fungos. Intoxicación por cáusticos.

Urxencias psiquiátricas.

Tema 47. Axitación psicomotriz. Síndrome de abstinencia. Intento autolítico. Brote psicótico. Abuso de substancias. Síndrome neuroléptica maligna. Ingreso involuntario.

Urxencias traumatolóxicas.

Tema 48. TCE. Lesión medular.

Tema 49. Traumatismos toracoabdominais abertos e pechados.

Tema 50. Fracturas e luxacións. Síndrome compartimental.

Urxencias pediátricas.

Tema 51. Síndrome febril. Convulsións febrís. Diagnóstico diferencial de exantemas.

Tema 52. Outras urxencias en pediatría: dor abdominal, diarrea aguda e vómitos, patoloxía ORL (crup, epiglote e bronquiolite), patoloxía urinaria (infección do tracto urinario e retención aguda de ouriños), patoloxía respiratoria de vías baixas. Urxencias neurolóxicas en nenos (cefaleas, meninxite, encefalite, convulsión febril e non febril).

Urxencias no paciente oncolóxico.

Tema 53. Febre, síndrome de vea cava superior, compresión medular, dor no paciente oncolóxico, complicacións do tratamento oncolóxico, complicacións locais dos tumores.

Urxencias dermatolóxicas.

Tema 54. Urxencias dermatolóxicas. Fracaso cutáneo agudo; síndrome de StevensJohnson, necrolise epidérmica tóxica, gran queimado, síndrome da pel escaldada estafilocócica-SSS, eritrodermias, enfermidade de enxerto contra o hóspede aguda. Urticaria e anxioedema. Infeccións cutáneas.

IV. Núcleo outros temas.

Tema 55. Triaxe ou clasificación. Requisitos básicos de sistema de triaxe. Triaxe estruturado. Triaxe Manchester. Triaxe avanzada.

Tema 56. Asistencia en incidente de múltiples vítimas (IMV) e asistencia en catástrofes. Órgano central de xestión de crise. Organización do servizo ante IMV. Plans de emerxencias.

Tema 57. Transporte sanitario urxente: rede de transporte sanitario urxente en Galicia. Tipos e características do transporte sanitario urxente. Influencia do transporte na fisioloxía do paciente crítico.

Tema 58. Doazón de órganos e tecidos nos servizos de urxencias: detección, manexo e comunicación de situacións.

V. Núcleo técnicas e procedementos.

Tema 59. Sistemas de oxigenoterapia. Pulsioximetría e capnografía. Ventilación mecánica.



Tema 60. Sondaxe vesical. Sondaxe ouro/naso-gástrica. Taponamento esófago-gástrico. Punción suprapúbica. Punción lumbar.

Tema 61. Acceso venoso periférico e central. Infusores subcutáneos. Acceso intraóseo. Gasometría.

Tema 62. Vendaxes funcionais e inmovilizacións.

Tema 63. Anestesia locorrexional. Drenaxe de abscesos. Sutura de feridas. Extracción de corpos estraños. Taponamento nasal.

Tema 64. Drenaxe pneumotórax. Toracocentese. Artrocentese. Pericardiocentese. Paracentese.

Tema 65. Ecografía clínica a pé de cama. Protocolos eFAST, Blue, Rush.

Tema 66. Principios de radioloxía nos servizos de urxencias.

Tema 67. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca



concurso-oposición para o ingreso nas categorías médico/a de urxencias hospitalarias e médico/a asistencial do 061 (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 13 de decembro de 2019, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e médico/a asistencial do 061. (Diario Oficial de Galicia núm. 246 de 27 de decembro), agás o tema 67 engadido, que procede da publicada no anexo II resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías médico/a de urxencias hospitalarias e médico/a asistencial do 061 (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).